



# Concello de Vimianzo

## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 30/08//2014

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día trinta de agosto de dous mil catorce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde  
D. Fernando Mancebo Amigo  
D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey  
D. José Trillo Lema  
D. José Antonio Miñones Riveiro  
D. Manuel Soto Pérez  
D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez  
D.<sup>a</sup> María Carmen Hermida Tomé  
D. Juan Carlos Amado Sambade  
D. José Manuel Rodríguez Blanco  
D.<sup>a</sup> Montserrat Vázquez Miñones

  
Ausentes:

D. José Manuel Pérez Trillo

Secretaria: D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García

Interventora: D.<sup>a</sup> Gema Leal Ínsua

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

### **1. Aprobación do borrador da acta da sesión anterior correspondente ao día 26 de xullo de 2014.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 26 de xullo de 2014 ao non formularse observacións.

### **2. Toma de posesión do concelleiro do PP, D. Juan Silva Jallas.**

O Pleno do Concello tomou coñecemento do escrito presentado polo voceiro do PP, D. Juan Carlos Amado Sambade, o 22 de xullo de 2014, con RE 5948, co que achega certificado de defunción do concelleiro do PP D. Ramón Santos Vázquez, na sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2014.

O 30 de xullo de 2014 (registro de saída nº 4550), o Sr. Alcalde remite certificación do acordo plenaria á Xunta Electoral Central.

O 12 de agosto de 2014 (registro de entrada nº 6483) a Xunta Electoral Central remitiu a credencial de D. Juan Silva Jallas. Na mesma advirte á secretaria da necesidade de entregarlle ao interesado "únicamente en su toma de posesión, no con anterioridad a la misma".

O mesmo 12 de agosto de 2014 (registro de saída nº 4780) a Secretaría municipal informa ao Sr. Silva Jallas das obrigas impostas polo artigo 75.7 da LBRL e dalle traslado dos modelos de declaración aprobados polo Pleno o 25 de abril de 2011.

O 25 de agosto de 2014 D. Juan Silva Jallas formulou declaración de causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos e declaración de bens patrimoniais, diante da secretaria accidental, D<sup>a</sup>. Ivanna Vidal Domínguez.

Para a toma de posesión utilízase a fórmula de xuramento ou promesa recollida no Real Decreto 707/79, do 5 de abril. O Sr. Alcalde procede a lectura da mesma:

*"¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?"*

D. JUAN SILVA JALLAS: *"sí, xuro."*

O Sr. Alcalde faille entrega da credencial de concelleiro e dalle a benvinda á Corporación.

### **3. Acordo, que proceda, sobre modificación de crédito mediante crédito extraordinario. expte. núm. CE/01/2014.**


Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, reunida o 26 de agosto de 2014, do que se transcribe literalmente a parte dispositiva:

(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos, por dous votos a favor do BNG (Sr.Alcalde accidental, Sra.Ramos Rey) e tres abstencións de IxV (Sra.Rodríguez Ordoñez, PP (Sr.Amado Sambade) e PSdeG-PSOE (Sr.Miñones Riveiro) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo coa corrección sinalada:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito CE/01/2014, co seguinte detalle:

➤ Aprobación de crédito extraordinario nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 54.333,32 €.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE A DOTAR
133 629 00	Ordenación do tráfico e estacionamento. Outras inversións novas asociadas ao funcionamento operativo dos servizos.	32.333,32
171 629 00	Parques e xardíns. Outras inversións novas asociadas ao funcionamento operativo dos servizos	22.000,00
TOTAL		54.333,32



# Concello de Vimianzo

- Financiamento procedente integramente de remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
870 00	Remanente de tesouraría para gastos xerais	54.333,32
TOTAL		54.333,32

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública, e sempre que se conte co informe favorable da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro sobre a consideración destas actuacións como " investimento sustentable".

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia."

O alcalde explica que este punto e máis o seguinte forman parte dunha mesma proposta de gastar o remanente líquido de tesouraría. Van en dous puntos porque son dous conceptos diferentes. Trátase de facer fronte a unha proposta de adecentar a rúa Codeseiras (arranxando beirarrúas, alumeados, abastecemento de augas) ao que se destinan 75.000,00 euros; outra das iniciativas ten que ver coa sinalización viaria defectuosa, que precisa mellorarse e conta con informe da Policía local; outra das iniciativas é completar e reformar diferentes parques infantís; e por último facer fronte á aportación municipal dunha actuación cofinanciada polo INEGA.

O voceiro socialista, Sr. Miñones Riveiro, congratúlase de que se poda empregar o remanente. Sinala que cada grupo tería as súas propostas de obras pero reconece que a rúa Codeseiras é unha obra que todos entenden necesaria. Indica que a sinalización viaria necesita mellorarse porque nunca se cambiou dende que se puxo; e os parques infantís tamén hai que adecentalos. Di que van apoiar.

O voceiro de IxV, Sr. Soto Pérez, manifesta que é unha mágoa que o teito de gasto non deixe dispoñer de todo o remanente. Di que a obra da rúa Codeseiras é necesaria, aínda que quedan no tinteiro obras como a mellora da contorna que vai do campo de fútbol ao Pazo de Trasariz, tamén a cuberta do patio do colexio é necesaria... Está dacordo co uso que se lle vai dar ao remanente. O resto dos cartos pide que se adiquen a fomentar o emprego, xa que noutros concellos se está a elaborar o orzamento do vindeiro exercicio.

O voceiro do PP, Sr. Amado Sambade, mostra o seu acordo coa proposta, sobre todo coa rúa Codeseiras. Gustaríalle que se mirara pola fonte de Serramo.

O concelleiro non adscrito, Sr. Rodríguez Blanco, manifesta que van apoiar a proposta. Gustaríalle que o goberno explicara en detalle as actuacións que se van realizar.

O voceiro do BNG, Sr. Mancebo Amigo, explica que non se pode facer uso de todo o remanente, o que supón unha discriminación cos concellos que cumpren coas súas obrigas e gozan de boa saúde económica. Insta ao goberno central a diferenciar esta situación. Priorízanse estes catro aspectos, recollendo precisamente as suxerencias feitas polos corporativos no pleno. Sinala que os investimentos deben cumprir uns requisitos para ser considerados sustentables. Explica cales son as zonas nas que se vai repoñer alumeados, que a sinalización viaria abarca todo o municipio,

segundo o informe elaborado pola Policía local a petición da Alcaldía. Gustaríalle poder facer uso de todo o remanente de aquí a final de ano, se o Sr. Montoro flexibiliza os criterios.

O alcalde considera que xa se explicou suficientemente a proposta e tamén están os expedientes a disposición dos concelleiros dende a convocatoria das comisións informativas e do pleno. Ao respecto do remanente, dille ao Sr Soto Pérez que ten que saber que non pode incorporarse no orzamento como previsións iniciais de ingresos no exercicio 2015. Califica de sensentido que dispoñendo dese aforro o goberno central os castigue. Di que as previsións para o pleno eran maiores pero houbo que recortar. Ao respecto da fonte de Serramo, o goberno preocúpase por ela pero descoñecen cal é o problema.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión.

#### **4. Acordo, que proceda, sobre expediente de modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito. Expte. núm. SC/01/2014.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, reunida o 26 de agosto de 2014, do que se transcribe literalmente a parte dispositiva:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos, por dous votos a favor do BNG e tres abstencións (IxV,PP,PSdeG-PSOE) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito SC/01/2014, co seguinte detalle;

➤ Aprobación de suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 83.616,07 €.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	IMPORTE MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN RESULTANTE
165 619 00	Alumeado público. Outras inversións de reposición.	48.824,42	8.616,07	57.440,49
453 619 00	Estradas. Outros investimentos de reposición en infraestructuras destinados ao uso xeral.	450.336,73	75.000	525.336,73
TOTAL MODIFICACIÓN: 83.616,07 €				

➤ Financiamento procedente integramente de remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
870 00	Remanente de tesouraría para gastos xerais	83.616,07 €
TOTAL		83.616,07



# Concello de Vimianzo

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública. A aprobación definitiva da dita modificación conllevará a anulación da transferencia de crédito efectuada no expediente TC/05/2014 mediante a que se minoraba as aplicacións de gasto de persoal do grupo de programa 132 e incrementando a aplicación orzamentaria 165 619 00

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.”

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión.

## **5. Acordo, que proceda, sobre a designación de festivos locais para o ano 2015.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, reunida o 26 de agosto de 2014, do que se transcribe literalmente a parte dispositiva:

*“(…) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Facenda, Contas, Orzamentos e Asuntos Económicos, por catro a favor de BNG, PSOE e PP (Sr.alcalde accidental, Sra.Ramos Rey, Sr.Miñones Riveiro e Sr.Amado Sambade), ningunha abstención e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:*

*PRIMEIRO.-Determinar como días festivos locais para o ano 2015 no termo municipal de Vimianzo os seguintes:*

- xoves, 22 de xaneiro (San Vicenzo)*
- luns, 10 de agosto (Festas do verán)*

*SEGUNDO.-Comunicar o presente acordo á Xefatura Territorial da Coruña para o seu coñecemento e efectos oportunos.”*

Non se producen intervencións.

O alcalde entende aprobado o ditame por asentimento.

## **6. Acordo, que proceda, sobre o inicio do expediente de investigación do camiño da Estorrontada, na paraxe coñecida coma Os Penedos, no lugar de Cerbán, parroquia de Castrelo.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, reunida o 26 de agosto de 2014, do que se transcribe literalmente a parte dispositiva:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, por tres votos a favor do BNG (Sr.Alcalde accidental, Sra.Ramos Rey) e do PSdeG-POSE (Sr.Miñones Riveiro) e unha abstención do PP (Sr.Amado Sambade) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Iniciar expediente de investigación de oficio sobre o carácter público do camiño da Estorrontada, na paraxe coñecida coma "Os Penedos", no lugar de Cerbán, parroquia de Castrelo, procedendo de acordo co previsto nos art. 49 ata 55, ambos inclusive do Regulamento de bens das Entidades Locais.

Segundo.- Que se expoña ao público polo prazo dun mes, mediante inserción de anuncio no BOP, para que polos interesados se presenten as alegacións ou reclamacións que se estimen pertinentes. Dar conta á administración Central e Autonómica.

Terceiro.- Notificar este acordo aos afectados no mesmo que se atopan identificados no expediente."

O alcalde explica que este asunto xurdiu hai tempo, no ano 2009, por unha denuncia dos veciños por unhas obras dun campo de golf e tamén a presunta ocupación dun camiño público. Sinala que se incoou expediente de reposición da legalidade o 21 de decembro de 2009, e caducou por falta de resolución no prazo dun ano.

O Sr. Miñones Riveiro pide que se investigue, á vista de que se ocupou un camiño público, e que non se demore a tramitación.

O Sr. Soto Pérez mostra o seu acordo.

O Sr. Amado Sambade está dacordo, e afirma que os bens son públicos ata que non se demostre o contrario.

O Sr. Rodríguez Blanco afirma que van votar a favor porque o técnico municipal así o subscribe.

O alcalde manifesta estar totalmente dacordo co Sr. Miñones Riveiro en que moitas veces estes expedientes non se resoven. Di que non é criterio deste alcalde nin deste goberno non resolvelos pero ás veces a carga de traballo e a falta de emisión de informes impiden impulsar. Sinala que non se trouxo antes a pleno porque non estaba ese informe. Dille ao Sr. Amado Sambade que aínda que pareza que os bens son públicos hai que tramitar un expediente de investigación e dar audiencia aos interesados.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión.

**7. Acordo, que proceda, sobre o inicio do expediente de investigación do espazo sito a carón da finca núm. 726 da zona de concentración parcelaria de San Antolín de Baíñas, no lugar de Padreiro de Abaixo, parroquia de Baíñas.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, reunida o 26 de agosto de 2014, do que se transcribe literalmente a parte dispositiva:



# Concello de Vimianzo

“(…) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, por tres votos a favor de BNG (Sr.alcalde accidental e Sra. Ramos Rey) e PSOE (Sr.Miñones), unha abstención do PP (Sr.Amado Sambade) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Iniciar expediente de investigación de oficio sobre o carácter público do espazo sito a carón da finca núm. 726 da zona de concentración parcelaria de San Antolín de Baíñas, en Padreiro de Abaixo, parroquia de Baíñas, procedendo de acordo co previsto nos art. 49 ata 55, ambos inclusive do Regulamento de bens das Entidades Locais.

Segundo.- Que se expoña ao público polo prazo dun mes, mediante inserción de anuncio no BOP, para que polos interesados se presenten as alegacións ou reclamacións que se estimen pertinentes. Dar conta á administración Central e Autonómica.

Terceiro.- Notificar este acordo aos afectados no mesmo que se atopan identificados no expediente.”

O alcalde explica que é un problema de confrontación entre veciños, que se xudicializou e incluso se chegou a denunciar ao alcalde por vía penal, por un espazo de menos de 20 metros cadrados. Explica que o arquitecto municipal emitiu un informe de data 19 de setembro de 2011 e acto seguindo o solicitante presentou denuncia por ocupación dun espazo público. Sinala que o expediente é moi amplo, con informes de diversos organismos (concentración parcelaria, arquivo histórico, catastro). Menciona o informe do Sr. Beiras Garcia-Sabell, que consta no expediente, e le literalmente un fragmento. Considera que o primeiro informe (do arquitecto municipal) non está fundamentado e o segundo (do Sr. Beiras) sí, pero en calquera caso hai que investigar para determinar se ese espazo é público.

O Sr. Miñones Riveiro vai votar a favor,

O Sr. Soto Pérez di que moitas veces os informes non gustan. Afirmo que o outro informe de outra cousa porque se lle encargou ao fillo de Beiras. Sinala que como este asunto agora está xudicializado, é extemporáneo facer isto agora. Vanse opoñer porque o criterio do técnico é que ese espazo é público.

O Sr. Amado Sambade repite que os bens son públicos mentras non se demostre o contrario. Agora que se xudicializou éntralle a presa ao alcalde. Van votar en contra.

O concelleiro non adscrito Sr. Rodríguez Blanco di que lle van facer caso ao informe do arquitecto municipal, e van votar en contra desa comisión de investigación.

O alcalde puntualiza que non é unha comisión de investigación, é un expediente de investigación, para determinar o carácter público dun espazo, porque existe un indicio de que é público, non porque diga o arquitecto que é público nun informe dunha liña cando era concelleiro de urbanismo o Sr. Rodríguez Blanco. Considera que o apelido non vale, non da capacidade. Pide que se discuta con argumentos o informe do Sr. Beiras, pois hai unha diferenza moi importante co informe do arquitecto municipal “porque lo digo yo”. Sinala que se o alcalde tivera intención de favorecer a unha das partes en conflito, diría que é privado en base ao informe do Sr. Beiras. Aclara que non é certo que este asunto estea xudicializado, pois o xulgado de Corcubión non vai determinar se o espazo é público, ogallá que lle quitara esa lousa ao concello. Esa persoa presentou unha denuncia contra o alcalde por non tomar decisións e agora o pleno toma partido.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por cinco votos e favor do BNG e PSOE, sete votos en contra de IXV, PP e concelleiros non adscritos, e ningunha abstencións, non aproba o ditame da comisión.

## **8. Comunicados oficiais.**

A secretaria da conta da publicación de dous anuncios, ambos publicados no BOP nº 143 do 30 de xullo de 2014:

- Anuncio de inicio de expediente de investigación do camiño de Reboredo, acordo adoptado polo Pleno na sesión do 27 de xuño de 2014.
- Anuncio de aprobación inicial da Ordenanza Fiscal nº 16, reguladora do ICIO, acordo adoptado polo Pleno na sesión do 26 de xullo de 2014.

O Pleno dase por enterado.

## **9. Dación de conta de resolucións da Alcaldía.**

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia adoptadas dende a sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 26 de xullo de 2014, isto é, dende a resolución núm. 907, do 22/07/2014 ata a resolución núm. 1066, do 26/08/2014.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.

## **10. Mocións.**

Non hai mocións.

## **11. Rogos e preguntas.**

O alcalde pregunta aos grupos municipais se teñen rogos ou preguntas.

O Sr. Miñones formula dúas preguntas:

- 1ª. A Consellería de Cultura e Educación acaba de sacar unha convocatoria das melloras feitas nos centros da Costa da Morte, pregunta se fixeron algo no CEIP San Vincenzo,
- 2ª. Pregunta se se pediu subvención para a agrupación de protección civil.

O alcalde responde, respecto á primeira pregunta, que non lle consta que realizaran ningunha obra, haberá que preguntarlle a eles. Ao respecto de protección civil, di que leva bastante tempo pedindo aos servizos administrativos que se regularice a situación da agrupación, e por tanto mentras non se faga non se pode pedir a subvención. Di que é vontade do alcalde regularizar a situación.

O Sr. Soto Pérez ten varios rogos:

- 1º. Para o seu grupo era importante que en Vimianzo se abrise unha escola de idiomas. Pide que se leve a cabo se fora posible.





# Concello de Vimianzo

2º. Pide que no vindeiro pleno se inclúa un punto para reclamar á Deputación unhas sendas en Tufións e Roalo.

Signala que ten unha pregunta: no último pleno preguntou polos montes de Braño, agora xa lle preocupa a falta de noticias.

O alcalde comparte o interese de que se instale unha escola de idiomas, pero fíxese o que houbo que loitar para evitar o peche da escola de Carnés. Ao respecto das sendas, remitiu un escrito á Deputación para solicitar varias veces unha entrevista co presidente e aínda está agardando. Espera que cambie o sectarismo desta xente e anuncia que reiterará esa petición, que ven facendo dúas veces cada mes. Ao respecto dos montes Gorreis e Milleira, estivo falando moitas veces por teléfono co xefe territorial de Medio Rural, e entende que ten unha axenda moi apretada pero preocúpalle tamén non só ese tema, senón tamén a entrega de títulos de propiedade da parcelaria de Carnés e Cereixo. A información que ten sobre o tema dos montes é a mesma que ofreceu na sesión anterior.

O voceiro do PP pregunta cantos cartos lle custou aos veciños de Vimianzo as cámaras que hai postas e se cumpren os requisitos legais.

O alcalde explica que o concello tiña dúas cámaras no exterior: unha na praza do concello e outra na casa de cultura. Supón que o concelleiro do PP sabe o que custaron porque foron aprobadas por unanimidade pola corporación anterior, da que era concelleiro o Sr. Amado. As autorizacións non foron renovadas pola Delegación do Goberno e a da casa de cultura non está operativa. A finalidade das cámaras é evitar problemas de vandalismo. Esas cámaras aproveitáronse para instalar dentro do concello e da casa da cultura precisamente para evitar actos vadálicos, pero non están funcionando.

O Sr. Rodríguez Blanco plantexa un rogo e varias preguntas.

1º. Rógalle ao alcalde e á concelleira que cando se solicite o pabillón de Baíñas se conceda o uso e non teñan que ir os veciños a Olveira.

2º. Pregunta polo estado do expediente disciplinario do arquitecto municipal, quere saber si vai volver ou non.

3º. Pregunta se está rematada a obra da estrada de Tines-Treos.

4º. Pregunta se funciona a minidepuradora de Baíñas.

5º. Pregunta pola dispoñibilidade dos terreos da depuradora de Manlle.

O alcalde responde que o pabillón de Baíñas se lle deixa a todo o mundo, sempre que non haxa unha programación previa. Respecto da estrada Tines-Treos, xa lle dixo que estaba rematada pero é normal que os traballadores municipais estean facendo obras nas pistas municipais. Manifesta que este goberno non emprega aos traballadores municipais na execución de obras que corresponden facer ás empresas, como se fixo coa praza do concello. Di que os expedientes están para consultar antes de sementar a dúbida.


Ao respecto da dispoñibilidade de terreos do saneamento en Manlle, o alcalde di que o Sr. Rodríguez Blanco coñece o proxecto perfectamente porque estaba no goberno daquela e acompañou aos técnicos da Xunta para visitar os terreos, con total deslealdade ao goberno, que se enterou despois dos acordos que tomaran (como eliminar o saneamento en Urroa). Os terreos onde ubicaron a estación de bombeo non estaban dispoñibles daquela, eso sábeo porque llo comentaron os técnicos da Xunta, e eso corríxese cun replanteo do pozo de bombeo. Destaca que non é unha obra promovida nin dirixida polo concello, e aproveita para agradecer á Xunta a dispoñibilidade para solventar este tipo de problemas.

O alcalde aclara que non é o seu estilo ir polas casas amenazando á xente. É certo que falou con esa familia para verificar a dispoñibilidade de terreos e díxéronlle que non.

Ao respecto das outras cuestións plantexadas, remite ao concelleiro non adscrito a que consulte os expedientes nas dependencias municipais.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e dez minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o trinta de agosto de dous mil catorce.

O ALCALDE




A SECRETARIA




# ANEXO I

Nº Decreto	Nº de Expediente	Asunto	Fecha Firma
907/2014	2014/G003/000689	BAIXA VOLUNTARIA NO SERVIZO DA EIM DE ALDARA TRILLO CANTO	22/07/2014
908/2014	2014/G003/000690	CAMBIO DE HORARIO E ALTA NO SERVIZO COMPLEMENTARIO DE COMEDOR NA EIM DE ROSALÍA VIEITES CUNDINS	22/07/2014
909/2014	2014/G003/000691	CAMBIO DE HORARIO NO SERVIZO DA EIM DE ÁNGEL POSE CORBELLE	22/07/2014
910/2014	2014/G003/000692	SOLIC PAVILLON DE VIMIANZO E TROFEOS PARA TORNEO DE FUTBOL 3X3 E RECAUDAR FONDOS PARA APOIO DO EQUIPO FISOBOR O 1 E 2 DE AGOSTO CON TORNEO (PEÑA MAREA NEJRA)	22/07/2014
911/2014	2014/G003/000693	ALTA NO SERVIZO COMPLEMENTARIO DE COMEDOR NA EIM DE MARTIN FONDO TRILLO	22/07/2014
912/2014	2014/G003/000694	ALTA NO SERVIZO COMPLEMENTARIO DE COMEDOR DA EIM DE RAÚL PLATAS VAZQUEZ	22/07/2014
913/2014	2014/G003/000695	CONCESION LICENZA FESTA NA HONRA DE SANTA BARBARA, NO LUGAR DE PASARELA OS DIAS 23 E 24 DE XULLO	22/07/2014
914/2014	2014/G003/000699	PAGO ANTICIPADO 60 % DA AXUDA CONCÉDIDA AO SONEIRA SD	23/07/2014
915/2014	2014/G003/000696	SOLIC CAMBIO DE TITULARIDADE RECIBO AUGA NA COSTA, 4. BAIXA DE ABEL LEMA LÓPEZ	23/07/2014
916/2014	2014/G003/000697	APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DAS OBRAS DE "MELLORAS NA CONTORNA DO CEMITERIO VECINAL DE CARNES", INCLUIDAS NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014	23/07/2014
917/2014	2014/G003/000698	APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DAS OBRAS DE "MELLORA DE VIAL DE ACCESO AO LUGAR DE GANDARA", INCLUIDAS NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014	23/07/2014
918/2014	2014/G003/000700	SOLICITUDE DE LICENZA PARA CELEBRACION FESTA POPULAR EN CEREIXO OS DIAS 24, 25, 26, 27 E 28 DE XULLO 2014	24/07/2014
919/2014	2014/G003/000702	SOLICITUDE LICENZA CELEBRACION FESTA NA HONRA SANTA CRISTINA O DIA 24 DE XULLO 2014	24/07/2014
920/2014	2014/G003/000703	RECLAMACIÓN RECIBO DE AUGA Nº 1294 DE Dª ELENA ALVARELLOS PEREZ	24/07/2014
921/2014	2014/G003/000701	RECTIFICACIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 912/2014, DE DATA 22-07-2014 SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE AVAL CONSTITUIDO PARA GARANTIR A EXECUCIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DE RECOLLIDA SELECTIVA DE ENVASES LIXEIROS NO CONCELLO DE VIMIANZO	24/07/2014
922/2014	2014/G003/000706	SOLIC CAMBIO DE DOMICILIO NO PMH DE ALADJI ALASSANE SARR, BINTOU COLY, OUSMANE SARR, ALAJI DOUDOU SARR E KASSIM SYLLA PARA RUA VILAR, 9-3º ESQ-VIMIANZO	24/07/2014
923/2014	2014/G003/000707	SOLIC CAMBIO DE TITULARIDADE RECIBOS AUGA E LIXO EN PONTERRODA, 18. BAIXA DE SEGUNDO MARCELINO ANTELO LEMA	28/07/2014
924/2014	2014/G003/000708	SOLIC CAMBIO DE TITULARIDADE RECIBOS AUGA E LIXO EN PONTERRODA, 18. BAIXA DE SEGUNDO MARCELINO ANTELO LEMA	28/07/2014
925/2014	2014/G003/000709	CONTRATACIÓN DE DOUS CAPATACES PARA AS BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE VIMIANZO.	28/07/2014
926/2014	2014/G003/000704	CONTRATACIÓN DE DOUS CAPATACES PARA AS BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE VIMIANZO.	28/07/2014





927/2014	2014/G003/000705	CONTRATACIÓN DE OITO PEONS PARA AS BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE VIMIANZO.	28/07/2014
928/2014	2014/G003/000710	SOLIC CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS AUGA EN A PIROGA 10 BAMIRO	29/07/2014
929/2014	2014/G003/000711	CONSTITUCIÓN E CONVOCATORIA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE DUAS OBRAS INCLUIDA NO POS 2014	29/07/2014
930/2014	2014/G003/000712	SOLIC BAIXA NO LIXO E ALCANTARILLADO EN VIVENDA DE TUFIONS, 74 POR ESTAR DESHABITADA	29/07/2014
931/2014	2014/G003/000713	RECTIFICACIÓN DE ERROS DUN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 21 DE XULLO DE 2014 SOBRE PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA OBRA "ADAPTACIÓN E REFORMA DE SOTO NO EDIFICIO DO CENTRO SOCIO-CULTURAL EN BAINAS"	29/07/2014
932/2014	2014/G003/000714	SOLIC CAMBIO ENDEREZO DENTRO DO CONCELLO PARA BAINAS 9B DO EXPOÑENTE DE DIANA POSE BLANCO E DE ADRIANO SILVA POSE	29/07/2014
933/2014	2014/G003/000715	NOMEAMENTO DE INTERVENTOR ACCIDENTAL	29/07/2014
934/2014	2014/G003/000716	SOLIC CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS DE AUGA E LIXO EN OUTEIRO 9 BAINAS	29/07/2014
935/2014	2014/G003/000717	SOLIC CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS DE AUGA E LIXO EN OUTEIRO 9 BAINAS	29/07/2014
936/2014	2014/G003/000718	SOLIC CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS DE AUGA E LIXO EN ALVARO CUNQUEIRO 9, 1º DTA	29/07/2014
937/2014	2014/G003/000719	SOLIC CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS DE AUGA E LIXO EN ALVARO CUNQUEIRO 9, 1º DTA	29/07/2014
938/2014	2014/G003/000720	NÓMINA DO MES DE XULLO 2014	29/07/2014
939/2014	2014/G003/000721	AUTORIZACION, COMPROMISO, RECOÑECEMENTO E ORDENACION DO PAGO DA FACTURA Nº 2072014 POLA OBRA DE CUBERTA INTERIOR PARA PECHAR AULA NO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE VIMIANZO.	30/07/2014
940/2014	2014/G003/000722	PAGO A XUSTIFICAR 6/2014	30/07/2014
941/2014	2014/G003/000723	EXPEDIENTE LICENZA DE OBRA NÚM. 2013/U009/000075 PROMOVIDO POR ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FONTE ROXA	30/07/2014
942/2014	2014/G003/000724	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS NO AMBITO DO MEDIO AMBIENTE	30/07/2014
943/2014	2014/G003/000725	SOLIC CAMBIO DE DOMICILIO NO PMH DE JOSEFA GERPE GARCIA PARA A TORRE 3	30/07/2014
944/2014	2014/G003/000726	CONCESION LICENZA PARA FESTAS EN SANFINS NA HONRA A SAN FINS OS DIAS 1 E 2 DE AGOSTO DE 2014	30/07/2014
945/2014	2014/G003/000728	EXPEDIENTE LICENZA DE OBRA NÚM. 2014/U009/000048 PROMOVIDO POR D. JOSÉ LEMA POSE	30/07/2014
946/2014	2014/G003/000730	SOLIC PERMISO, PALCO, ENGANCHE DE LUZ, EQUIPO DE SON PARA FACER FESTA O XOVES 7/8/14 NA RUA E PRAZA CASTELAO	30/07/2014
947/2014	2014/G003/000729	EXPEDIENTE LICENZA DE OBRA NÚM. 2014/U009/000050 PROMOVIDO POR D. JESÚS PÉREZ ARÉN	30/07/2014
948/2014	2014/G003/000732	DECLARACION DA NECESIDADE E URXENCIA DE CONTRATAR A UN OFICIAL DE SEGUNDA E DOUS PEONS DE ALBANEL PARA CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS, FINANCIADAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL	30/07/2014
949/2014	2014/G003/000733	SOLIC ALTA NO PMH DESTE CONCELLO EN A TORRE 5 A	30/07/2014
950/2014	2014/G003/000270	Tramitación de Decretos	30/07/2014
951/2014	2014/G003/000734	SOLIC ALTA NO PMH DESTE CONCELLO EN A TORRE 5 A	30/07/2014
952/2014	2014/G003/000735	SOLIC ALTA NO PMH DESTE CONCELLO EN A TORRE 5 A	30/07/2014






953/2014	2014/G003/000731	EXPEDIENTE LICENZA DE OBRA NUM. 2014/U009/000053 PROMOVIDO POR CP UR MONTE BELLO	30/07/2014
954/2014	2014/G003/000736	S/N DE VIMIANZO	30/07/2014
955/2014	2014/G003/000737	SOLIC CAMBIO DE TITULARIDADE RECIBO DE AUGA EN CASAIS 17 VIMIANZO	31/07/2014
956/2014	2014/G003/000738	SOLIC ALTA NO PMH DESTE CONCELLO EN A TORRE 5 A	31/07/2014
957/2014	2014/G003/000740	SOLIC CAMBIO DE TITULARIDADE RECIBO DE LIXO EN MOUZO 26 C CARNES	31/07/2014
958/2014	2014/G003/000741	XERACION DE CREDITOS NUM. XC/04/2014	31/07/2014
959/2014	2014/G003/000742	NOMEAMENTO PERSOAL EVENTUAL	31/07/2014
960/2014	2014/G003/000743	EXPEDIENTE COMUNICACION PREVIA DE OBRAS MENORES NUM. 2014/U009/000062 PROMOVIDO POR D. JOSE ANTONIO VIDAL MIRA	31/07/2014
961/2014	2014/G003/000744	APROBACION DAS BASES PARA A SELECCION DE DOUS PEONS PARA CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MINIMOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIMIANZO	31/07/2014
962/2014	2014/G003/000745	APROBACION DAS BASES PARA A SELECCION DE UN OFICIAL DE SEGUNDA DE ALBANEL PARA CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MINIMOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIMIANZO	31/07/2014
963/2014	2014/G003/000746	SOLIC ALTA NO PMH DESTE CONCELLO EN A TORRE 5 A	31/07/2014
964/2014	2014/G003/000747	SOLIC ALTA NO PMH DESTE CONCELLO EN A TORRE 5 A	31/07/2014
965/2014	2014/G003/000748	SOLIC ALTA NO PMH DESTE CONCELLO EN A TORRE 5 A	31/07/2014
966/2014	2014/G003/000749	SOLIC ALTA NO PMH DE FRANCISCO LAMAS VIAÑO, E TRINIDAD CANOSA MENDEZ EN LEXAS 2, CARANTOÑA	31/07/2014
967/2014	2014/G003/000750	SOLIC ALTA NO PMH DE CESAR MIÑONES GRANDE EN A ESQUIPA 9, CEREIXO	31/07/2014
968/2014	2014/G003/000751	SOLIC ALTA NO PMH DE JOSE ANTONIO PENA RODRIGUEZ EN ORBELLIDO 12 BAIÑAS	31/07/2014
969/2014	2014/G003/000752	SOLIC ALTA NO PMH DE MARIA DEL MAR COLLAZO ROMERO EN TRAS DO MUINO D 2, 1º D	31/07/2014
970/2014	2014/G003/000753	BAIXA DE OFICIO NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES DE D. ANTHONY DIDIER ZEKRI	31/07/2014
971/2014	2014/G003/000754	SOLIC ALTA NO PMH DE FRANCISCO INSUA LEMA, MILAGROS GONZALEZ CAAMAÑO E NICOLAS INSUA GONZALEZ EN ROSALIA DE CASTRO 8, 1º ESQ.	01/08/2014
972/2014	2014/G003/000755	SOLIC ALTA NO PMH DE FRANCISCO INSUA LEMA, MILAGROS GONZALEZ CAAMAÑO E NICOLAS INSUA GONZALEZ EN ROSALIA DE CASTRO 8, 1º ESQ	01/08/2014
973/2014	2014/G003/000756	SOLIC ALTA NO PMH DE MANUEL MARTIN CASTINEIRA VIDAL EN RASAMONDE 18 VIMIANZO	01/08/2014
974/2014	2014/G003/000757	SOLIC ALTA NO PMH DE DIEGO FONDO LEMA EN CASTROMIL 9, SALTO	01/08/2014
975/2014	2014/G003/000758	MODIFICACIONES EN INSCRIPCIONS DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 140 DO FICHEIRO H15092IA.714	04/08/2014
976/2014	2014/G003/000759	MODIFICACIONES EN INSCRIPCIONS DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 135 DO FICHEIRO H15092IA.714	04/08/2014
977/2014	2014/G003/000760	SOLICITUDE DE COLABORACION PARA UNHA FESTA NA PRAZA ROJA	04/08/2014
978/2014	2014/G003/000761	SOLIC ALTA NO PMH DE JOSE MANUEL BLANCO ALVARELLOS, ZELTIA RIVADULLA ROMERO E SARAY BLANCO RIVADULLA EN MOUZO 35 CARNES	04/08/2014
979/2014	2014/G003/000762	SOLICITUDE DE AUTORIZACION PARA O USO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE VIMIANZO PARA XOGAR O BADMINTON	04/08/2014
980/2014	2014/G003/000763	SOLICITUDE DE COLABORACION PARA A XUNTANZA CABALAR DE BAIÑAS	04/08/2014
981/2014	2014/G003/000764	SOLIC ALTA NO PMH DE JAMES PHILIP DANIEL SEALY E HAYAT KEBIR TIO EN SANFINS 2 C/AMBEDA	04/08/2014








982/2014	2014/G003/000763	TOMAR RAZÓN DA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON ANDAMIOS NA RUA VILAR, 5. VIMIANZO	04/08/2014
983/2014	2014/G003/000764	TOMAR RAZÓN DA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MÁQUINA ELEVADORA (TIPO XIRAFÁ) NA RUA ROSALIA DE CASTRO, 15. VIMIANZO	04/08/2014
984/2014	2014/G003/000765	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000065 PROMOVIDO POR D. FRANCISCO OREIRO ARJOMIL	04/08/2014
985/2014	2014/G003/000766	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000066 PROMOVIDO POR D.ª MARIA LAGO FREIRE	04/08/2014
986/2014	2014/G003/000767	SOLIC BAIXA DO RECIBO DO LIXO EN SANTA IRENE, 13 B. POR NO EXERCER A ACTIVIDADE DENDE O 30/3/14	04/08/2014
987/2014	2014/G003/000768	PERSOAMENTO NO PROCEDIMENTO ABREVIADO 0000260/2014	04/08/2014
988/2014	2014/G003/000769	APROBACION DE GASTO POR COTIZATIONS DE MUFACE E COTAS DE CLASES PASIVAS DO MES DE XULLO/2014 DO ALCALDE DON MANUEL ANTELO PAZOS	04/08/2014
989/2014	2014/G003/000770	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000069 PROMOVIDO POR D. JESUS TRILLO MOUZO	05/08/2014
990/2014	2014/G003/000771	CONCESION LICENZA PARA FESTAS DO VERAN EN VIMIANZO OS DIAS 8, 9 E 10 DE AGOSTO DE 2014	05/08/2014
991/2014	2014/G003/000772	APROBACION DOS PADRONS FISCAIS DO SERVIZO DE AXUDA DE AXUDA NO FOGAR (SAF), CORRESPONDENTES AO MES DE XULLO DE 2014	05/08/2014
992/2014	2014/G003/000773	SOLIC ENGANCHE DE AUGA A VIVENDA EN PORTO DE CEREIXO, 32	05/08/2014
993/2014	2014/G003/000774	RECTIFICACION DE ERROS RESOLUCIÓN DE ALCALDIA NÚM 957/2014	05/08/2014
994/2014	2014/G003/000775	SOLIC CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS DE AUGA EN TRASARIZ 14. 2º	05/08/2014
1000/2014	2014/G003/000781	SOLIC CAMBIO DOMICILIO NO PMH DE BEGONA RAMOS TORRADO E NURIA CASTELO RAMOS EN REPARADA 18 SALTO	06/08/2014
1001/2014	2014/G003/000783	SOLIC CAMBIO NO PMH PARA OGAS 29 DE MARIA BELEN LEMA LEMA	06/08/2014
1002/2014	2014/G003/000784	SOLICITUDE DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA MERENDA CAMPESTRE DE CASTROBUXAN	06/08/2014
995/2014	2014/G003/000777	BAIXA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MUNICIPAL DA SEÑORA MARIA CARMEN OLVEIRA SANTOS POR DEFUNCIÓN.	06/08/2014
996/2014	2014/G003/000776	TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚM. TC/05/2014	06/08/2014
997/2014	2014/G003/000778	SUSPENSIÓN DAS OBRAS QUE SE ESTÁN REALIZANDO POR D. EMILIO DOMINGO SUAREZ BLANCO NO LUGAR DA PIROGA, 16, BAMIRO	06/08/2014
998/2014	2014/G003/000779	SOLIC ALTA NO PMH DE LORENZA CASTRO CURES EN FIGAREDO 30 CARANTOÑA	06/08/2014
999/2014	2014/G003/000780	SOLIC CAMBIO DOMICILIO NO PMH DE JOSE LEMA COSCONAS PARA SOMONTE 7 VIMIANZO	06/08/2014
1003/2014	2014/G003/000785	PAGO A GRUPOS POLITICOS MESES DE ABRIL-MAIO-XULLO-AGOSTO 2014	07/08/2014
1004/2014	2014/G003/000786	ORDENACIÓN DE PAGOS VARIOS	07/08/2014
1005/2014	2014/G003/000787	BAIXAS DE CAMBIO DE PAIS DO FICHEIRO H15092IA.714	07/08/2014
1006/2014	2014/G003/000788	BAIXA POR DUPLICIDADE ENTRE CONCELLOS	07/08/2014
1007/2014	2014/G003/000789	ALTA NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES	07/08/2014
1008/2014	2014/G003/000790	NECESIDADE E URXENCIA DE CONTRATAR CINCO OPERARIOS DE SERVIZOS BÁSICOS MUNICIPAIS, AO ABEIRO DA ORDE DO 30 DE MAIO DE 2014 (DOG Nº 104. DO 03/06/2014).	07/08/2014






1009/2014	2014/G003/000791	APROBACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN DE CINCO OPERARIOS DE SERVIZOS BÁSICOS, AO ABEIRO DA ORDE DO 30 DE MAIO DE 2014 (DOG DO 03/06/2014)	07/08/2014
1010/2014	2014/G003/000792	SOLIC ALTA NO PMH DE ANA BELEN CARREIRA MAHIA E JAVIER CARREIRA MAHIA EN ROSALÍA DE CASTRO 8, 2º	08/08/2014
1011/2014	2014/G003/000793	PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA OBRA "MELLORAS NA CONTORNA DO CEMITERIO VECINAL DE CARNÉS", POS 2014.	08/08/2014
1012/2014	2014/G003/000794	APROBACIÓN DE RELACION DE FACTURAS F/2014/8 E XUSTIFICANTES DE PAGO, RECONECEMENTO E ORDEACION DO PAGO	08/08/2014
1013/2014	2014/G003/000795	PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA OBRA "MELLORA DO VIAL DE ACCESO AO LUGAR DA GÁNDARA", POS 2014.	08/08/2014
1014/2014	2014/G003/000796	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE EVA MARIA CALO VAZQUEZ	11/08/2014
1015/2014	2014/G003/000797	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE MARIA DEL CARMEN PAZ PEÑA	11/08/2014
1016/2014	2014/G003/000798	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE DAMIAN SALGADO CANOSA	11/08/2014
1017/2014	2014/G003/000799	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE ROGIO CUNDIRS LEMA	12/08/2014
1018/2014	2014/G003/000801	ORDE DE PAGAMENTO A FAVOR DE GAS PORTEÑO SL POR EMERXENCIA SOCIAL DE ADRIANA TAMPLAR DEBIDO A UN ERRO INFORMATICO NA TRANSFERENCIA	12/08/2014
1019/2014	2014/G003/000782	DECLARACION DE CADUCIDADE DA LICENZA DE OBRA OUTORGADA PARA LEVAR A CABO A REHABILITACION DUN MURO DE PEDRA, SITUADA NO LUGAR E PARROQUIA DE CARNES, 16 C	12/08/2014
1020/2014	2014/G003/000800	SUSPENSIÓN EXECUTIVIDADE DA SANCIÓN IMPOSTA NO EX.PTE. ED/02/2013.	12/08/2014
1021/2014	2014/G003/000802	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DE AUGA E ALTA NO PADRON DE RECOLLIDA DO LIXO	13/08/2014
1022/2014	2014/G003/000803	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DE AUGA DO LOCAL SITUADO NO LUGAR DE SEÑORANS, MOSQUETIN, PARROQUIA DE SALTO	13/08/2014
1023/2014	2014/G003/000804	APROBACIÓN DO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DAS OBRAS DE "SENDA PEONIL NA CONTORNA DO RIO CAMBEDA EN ZONA URBANA DE VIMIANZO", FINANCIADA CON CARGO A UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	13/08/2014
1024/2014	2014/G003/000805	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DO LOCAL, SITUADO NO LUGAR DE SEÑORANS, 40, PARROQUIA DE SALTO	13/08/2014
1025/2014	2014/G003/000806	APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRON DO LIXO ANUALIDADE 2014	13/08/2014
1026/2014	2014/G003/000807	LISTAXE PROVISIONAL DE NENAS/OS ADMITIDAS/ÓS NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL NO CURSO 2014-2015	13/08/2014
1027/2014	2014/G003/000808	NOMEAMENTO DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DUN OFICIAL DE SEGUNDA DE ALBANEL PARA PARA CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DESTE CONCELLO	13/08/2014
1028/2014	2014/G003/000809	NOMEAMENTO DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DE DOUS PEÓNIS PARA CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DO CONCELLO	13/08/2014
1029/2014	2014/G003/000810	Tramitación de Decretos	13/08/2014
1030/2014	2014/G003/000811	NOMEAMENTO DE ALCALDE ACCIDENTAL AO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE D. FERNANDO MANCEBO AMIGO	14/08/2014





1031/2014	2014/G003/000812	CONSTITUCIÓN E CONVOCATORIA DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA FINANCIADA CON CARGO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN NÚM. 101/2014 ASINADO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	14/08/2014
1032/2014	2014/G003/000813	RECTIFICACIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DE ALCALDIA 998/2014	18/08/2014
1033/2014	2014/G003/000814	CONTRATACIÓN DE CINCO OPERARIOS DE SERVIZOS BÁSICOS DO CONCELLO DE VIMIANZO ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL. LINA EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA	19/08/2014
1034/2014	2014/G003/000815	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DE AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DO PETÓN, 11, BERDOIAS	19/08/2014
1035/2014	2014/G003/000817	APROBACIÓN XC/09/2014	20/08/2014
1036/2014	2014/G003/000818	APROBACION DA LISTAXE DE USUARIOS POR UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Á TAXA POR PRESTACION DE SERVIZOS E UTILIZACION DE INSTALACIONES CULTURAIS, EDUCATIVAS, DEPORTIVAS E ANALOGOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO MES DE XULLO DO ANO 2014	20/08/2014
1037/2014	2014/G003/000816	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DO PETÓN, 11, PARROQUIA DE BERDOIAS	20/08/2014
1038/2014	2014/G003/000819	SOLICITUDE DE COLABORACION PARA A REALIZACION DA CELEBRACION DA FESTA DO POLO DE BAÑAS.	21/08/2014
1039/2014	2014/G003/000820	SOLICITUDE DE COLABORACION NA CELEBRACION DA FESTA NA HONRA A SANTA FILOMENA DE SANFINS.	21/08/2014
1040/2014	2014/G003/000821	APROBACION PAGO A XUSTIFICAR 7/2014	21/08/2014
1041/2014	2014/G003/000824	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE BRIBES, 29, PARROQUIA DE VIMIANZO.	21/08/2014
1042/2014	2014/G003/000825	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DA AUGA.	21/08/2014
1043/2014	2014/G003/000826	ADJUDICACION DO CONTRATO DE OBRA PARA A EXECUCION DO PROXECTO "ADAPTACION DE SOTO NO EDIFICIO DO CENTRO SOCIO-CULTURAL EN BAÑAS"	21/08/2014
1044/2014	2014/G003/000823	ADJUDICACION DO CONTRATO DE OBRA PARA A EXECUCION DO PROXECTO "MELLORAS NA CONTORNA DO LAVADOIRO DA TORRE"	22/08/2014
1045/2014	2014/G003/000822	APROBACION DE PROXECTO E EXPEDIENTE DE CONTRATO MENOR DAS OBRAS "RUTA PEONIL DE SENDEIRISMO ENTRE AS BRAÑAS DE QUINTANS E A IGREXA PARROQUIAL DE TRES"	22/08/2014
1046/2014	2014/G003/000827	SOLICITUDE DE COPIA DO EXPEDIENTE DE REPOSICION DA LEGALIDADE URBANISTICA DUN PECHE CONSTRUÍDO NA FINCA ANEXA A VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DO OUTEIRO INCOADO A D.ª MARIA FLOR MOURELLE CARBALLO	22/08/2014
1047/2014	2014/G003/000828	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASION MUNICIPAL POR MARIA CRUZ MOUZO CASTIÑEIRA	25/08/2014
1048/2014	2014/G003/000829	INFORME ONDE SE FAGA CONSTAR QUE A VIVENDA SITUADA EN RASAMONDE, 5, CAMBEDA, NON SE ATOPA INCURSA EN EXPEDIENTE DE INFRACCION URBANISTICA, ASI COMO A ANTIGUIDADE, PROMOVIDA POR D.ª LUZDINA MOUZO CASTIÑEIRA	25/08/2014
1049/2014	2014/G003/000830	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL PARA CÉSAR VAZQUEZ AGRÁ	25/08/2014
1050/2014	2014/G003/000831	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR ESTRELLA ROJO GONZALEZ	25/08/2014
1051/2014	2014/G003/000832	SOLICITUDE DE VISITA DE INSPECCION VISUAL DO CENTRO SOCIAL E CULTURA DE BAÑAS	25/08/2014
1052/2014	2014/G003/000833	PROMOVIDA POLO PERITO XUDICIAL D. BERNARDO ANATOL SEOANE	25/08/2014





1053/2014	2014/G003/000834	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASION MUNICIPAL POR ANGEL NOVO MARTINEZ	25/08/2014
1054/2014	2014/G003/000835	CONCESION DO SERVIZO MUNICIPAL DE COMEDOR E DE LAVANDERIA SOBRE RODAS PARA O SEÑOR MANUEL VÁZQUEZ ANDRADE CON DNI 32230892A E PARA A SÚS CÓNXUXE (BENEFICIARIA) Dª ESPERANZA CUNDINS RODRÍGUEZ - 76290853Z.	25/08/2014
1055/2014	2014/G003/000836	INFORME ONDE SE FAGA CONSTAR QUE A VIVENDA SITUADA EN RASAMONDE, 5, CAMBEDA, NON SE ATOPA INCURSA EN EXPEDIENTE DE INFRACCION URBANÍSTICA, ASÍ COMO A ANTIGUIDADE, PROMOVIDA POR D.ª LUZDINA MOUZO CASTIÑEIRA	26/08/2014
1056/2014	2014/G003/000837	SOLICITUDE DE VISITA DE INSPECCIÓN VISUAL DO CENTRO SOCIAL E CULTURA DE BAIÑAS PROMOVIDA POLO PERITO XUDICIAL D. BERNARDO ANATOL SEOANE	26/08/2014
1057/2014	2014/G003/000838	CONCESION DO SERVIZO MUNICIPAL DE COMEDOR E DE LAVANDERIA SOBRE RODAS PARA O SEÑOR MANUEL VÁZQUEZ ANDRADE CON DNI 32230892A E PARA A SÚS CÓNXUXE (BENEFICIARIA) Dª ESPERANZA CUNDINS RODRÍGUEZ - 76290853Z.	26/08/2014
1058/2014	2014/G003/000839	ELEVAR A DEFINITIVA A LISTAXE DOS SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL PARA O CURSO 2014-2015	26/08/2014
1059/2014	2014/G003/000841	SOLICITUDE DE ALTA NO XIMNASIO PARA ANGEL NOVO MARTINEZ	26/08/2014
1060/2014	2014/G003/000842	SOLICITUDE DE ALTA NO XIMNASIO PARA ESTRELLA ROJO GONZALEZ	26/08/2014
1061/2014	2014/G003/000843	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO PARA CESAR VAZQUEZ AGRA	26/08/2014
1062/2014	2014/G003/000844	SOLICITUDE DE ALTA NO XIMNASIO MUNICIPAL PARA MARIA CRUZ MOUZO CASTIÑEIRA	26/08/2014
1063/2014	2014/G003/000840	LIIQUIDACION DO PÉS O BARRIGOSO PERÍODO 2º TRIMESTRE 2014	26/08/2014
1064/2014	2014/G003/000845	SOLICITUDE DE COLABORACIÓN PARA AS FESTAS DE SAN RAMON DE CASTROMIL	26/08/2014
1065/2014	2014/G003/000846	SOLICITUDE DE AUTORIZACION DE USO DE INSTALACIONS DEPORTIVAS MUNICIPAIS	26/08/2014
1066/2014	2014/G003/000847	RECTIFICACION DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA ALCALDIA NÚMERO 1058/2014 DE DATA 26/08/2014	26/08/2014

